



## Datos Do Expediente:

CATEGORÍA DE BOLSA DE EMPREGO	
Unidade Tramitadora:	
Recursos Humanos – ICV	
Número expediente:	Documento:
PER/25/2024	PER18S01M
3V1C6B1Z192B0H561ARS	

## Destinatario:

ASOCIACION GALEGA DE PROFESIONAIS DA XESTION CULTURAL  
RUA PALEO 17  
15175-CARRAL  
A CORUÑA

A Alcaldía deste Concello con data 23.01.2024 ditou a seguinte resolución:

*“Con data 22.01.2024 e código de documento PER18I08T, a xefa de servizo de Organización e RRHH emitiu un informe que literalmente transcrito di:*

***“Informe que se emite en relación á presentación de alegacións á bolsa de emprego temporal de Xefe de Neg. De Cultura do Padroado de Cultura***

*De conformidade co establecido no artigo 175 do RD 2568/1986, d0 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a tal respecto se formula o seguinte INFORME PROPOSTA:*

### **I-Antecedentes**

- *Con data 30.12.2022, D.\*\*\*, xefe de Neg. De Cultura do Concello de Narón, pasou a situación de xubilación, deixando vacante o posto de xefe de negociado de cultura e unha praza de funcionario grupo C, subgrupo C1 que ocupaba ata ese momento.*
- *As funcións asumidas polo funcionario xubilado, pasaron a incrementar as tarefas habituais do persoal Administrativo do Padroado; xerencia e, especialmente, do Director técnico.*
- *A vista da necesidade urxente de cobertura, a xerente do Padroado, solicita ao servizo de RRHH do Concello a cobertura con carácter extraordinario e urxente do posto de xefe de negociado de Cultura existente na Relación de Postos de Traballo dende 2012 e vacante dende o 1 de xaneiro de 2023, para evitar así, os excesos de xornada e acumulación de tarefas nos restantes postos de traballo, e especialmente no indicado Director técnico..*
- *Con data 3 de xaneiro de 2024 a Alcaldía-Presidencia aproba a creación dunha bolsa de emprego coa categoría C1 para a cobertura do posto vacante*
- *Con data 9 de xaneiro de 2024, se publica no Boletín oficial da Provincia (n. 7), a convocatoria da bolsa, dando un prazo de 15 días naturais para a presentación de solicitudes*
- *Coa mesma data 9 de xaneiro de 2024 n. rexistro 634 2024 (REX18E0HM), a Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural (G27393263) presenta alegacións a creación da citada bolsa nos termos que se indican no apartado III deste informe:*

### **II-Normativa de aplicación**

- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)*

- *Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP)*
- *Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.*
- *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL)*
- *Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL)*
- *Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (ROF)*
- *Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración xeral do Estado e de Provisión de postos de traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios civís da Administración Xeral do Estado(RXI)*
- *Lei 2/2015, do 30 de abril, reguladora da Lei de Emprego Público de Galicia*
- *Acordo regulador das condicións de traballo dos funcionarios, publicado no BOP de A Coruña, en data 30.07.2009*
- *Regulamento de postos de traballos do Concello de Narón, aprobado polo Concello Pleno de data 28.01.2011 (BOP da Coruña 28.02.2011)*
- *Regulamento da selección de persoal funcionario interino e laboral temporal do Concello de Narón e os seus organismos autónomos, aprobado polo Concello Pleno de data BOP de A Coruña de data 27.04.2023*

### **III- Consideracións xurídicas sobre as alegacións formuladas**

- A) *En relación a alegación primeira que dí: “unha praza coa denominación e responsabilidades de “Xefe de Cultura”, (código CUL-24), non se deberá prover mediante bolsa de emprego, senón que por un procedemento de concurso-oposición”*

*A este respecto se debe informar o seguinte*

*O posto que se pretende cubrir con carácter interino, ata a súa cobertura definitiva, é especificamente un posto vacante na Relación de Postos de Traballo dende 1 de xaneiro de 2023, e segue o procedemento establecido para a cobertura de vacante por razóns de necesidade urxente referidas no informe que da lugar á apertura do expediente.*

*O concurso-oposición é un procedemento especialmente reservado para a cobertura definitiva das prazas de funcionario/a, non resultando adecuado para a cobertura interina de postos, nos que debe primar os principios de “igualdade, mérito, capacidade, publicidade e celeridade e terá por finalidade a cobertura inmediata do posto” (artigo 10.2 do TRLEPEP). A tal efecto, o Concello de Narón, se ten dotado dun procedemento específico para os procesos de cobertura interina a través de bolsa de emprego, proceso que se segue escrupulosamente no presente expediente.*

- B) *En relación ao apartado segundo “non semella razoable esixir experiencia de xestión nunha única disciplina artística (artes escénicas) cando o labor do Padroado abrangue toda a actividade cultural municipal.”*

A relación de postos de traballo, aprobada polo Concello Pleno de data 26.04.2012 contempla os seguintes postos de traballo: 02.07.A001, xerente; 02.07.C003, director técnico; 02.07.C002, xefe de negociado de cultura; 02.07.L002, auxiliar de eventos culturais; 02.07.L001, técnico animación sociocultural. Cada un dos postos, ten definidas as súas funcións e competencias nas fichas representativas dos postos que deron lugar a súa valoración e definición.

Así, o posto de xefe de Neg. de Cultura se contemplaba dende a a súa creación coa misión de planificar, dirixir e coordinar os recursos disponibles e as actividades vinculadas á actuación Cultural; entre os requisitos está o nivel de titulación: bacharelato e a especialización cultural, e dentro das súas competencias e funcións: a xestión de proxectos

O Regulamento xeral de bolsa de emprego (BOP da Coruña de data 27.04.2023 ), establece "(...) Poderá exixirse o cumprimento doutros requisitos específicos que garden relación obxectiva e proporcionada coas funcións asumidas e as tarefas que se van desempeñar. Os requisitos específicos estableceranse na convocatoria para a elaboración das listas."

- C) No apartado terceiro alega o reclamante: " sendo conscientes da capacidade autoorganización das entidades locais, resulta razoable indicar que a categoría profesional para este posto debe ser a dun grupo A1 ou A2, tendo en conta ademais que no organigrama do Concello de Narón existen animadores/as socioculturais con categorías superiores ás da xefatura convocada. Tanto a nosa asociación como a Federación Estatal de Asociacións de Profesionais de la Gestión Cultural da que formamos parte, temos a ansia de que as administracións públicas sexan respectuosas na definición das funcións e competencias que delimitan os diferentes niveis profesionais, así como os requisitos académicos que deberna ter cada un deles. Ten dispoñibles estas recomendacións no documento "Descripción del puesto de trabajo de la gestión cultural en España" accesible en <https://feagc.com/wp-content/uploads/2016/04/dptgcfagc.pdf>"

Non ten esta funcionaria nada que obxetar ao argumento establecido no apartado terceiro desta alegación si da dotación dun novo posto se tratase: No suposto de que se definise un novo posto de traballo na Relación de Postos de Traballo, cunha praza correspondente na plantilla orzamentaria do Padroado de Cultura do Concello de Narón, ou mesmo reclasificar algún dos postos ou prazas existentes, se debería atender, en primeiro lugar, ao procedemento específico establecido no Regulamento de Postos de traballo do Concello de Narón (BOP da Coruña de data 28.02.2011), e logo, da análise das necesidades do mesmo; definición da misión, funcións e competencias si éstas correspondesen a un posto de nivel A1 ou A2, debería reservarse aos mesmos. En este caso, a competencia para a súa aprobación correspondería ao Concello Pleno, trala súa negociación cos representantes dos traballadores.

Pero no presente suposto, se trata da cobertura de posto existente na relación de postos de traballo, que precisa dunha cobertura inmediata polas razóns indicadas nos apartados anteriores e que se resume na imposibilidade de seguir asumindo en acumulación de tarefas as funcións do posto vacante por parte doutros postos. Este procedemento, sustancialmente diferente ao definido no apartado anterior, responde a unha necesidade urxente de cobertura dun **Posto existente**, tal e como este se recolle na Relación de Postos de traballo.

**Conclusión.-** A xefatura de negociado de Cultura, posto a cubrir, corresponde a un posto vacante na Relación de Postos de traballo, con requerimentos específicos en función do carácter especializado do organismo autónomo no que presta os servicios, como se recolle na relación de

*postos de traballo vixente. O procedemento de cobertura establecido pola normativa vixente neste suposto, é a bolsa de traballo, e os requisitos específicos que se establecen veñen condicionados polo exercicio das tarefas concretas que debe asumir, como posto singularizado.*

*Así se establece no artigo 3 "requisitos xerais" do Regulamento xeral de bolsa de emprego (BOP da Coruña de data 27.04.2023 ), "(...) Poderá exixirse o cumprimento doutros requisitos específicos que garden relación obxectiva e proporcionada coas funcións asumidas e as tarefas que se van desempeñar. Os requisitos específicos estableceranse na convocatoria para a elaboración das listas.*

*Por todo o exposto, a funcionaria que suscribe, **propón** a esa alcaldía-presidencia:*

**Primeiro.-** *Rexeitar a alegación presentada por Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural polas razóns expostas na parte expositiva.*

**Segundo.-** *Notificar o presente acordo a Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural (G27393263)"*

*Por todo o establecido anteriormente, esta alcaldía en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente,*

## **RESOLVE**

**Primeiro.-** *Rexeitar a alegación presentada por Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural polas razóns expostas na parte expositiva.*

**Segundo.-** *Notificar o presente acordo a Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural (G27393263)"*

Comunicollo para o seu coñecemento e para os efectos oportunos, facéndolle saber que os recursos que poderá interpoñer contra esta resolución figuran na páxina seguinte.

## RECURSOS PROCEDENTES

O que se lle notifica, facéndolle saber que contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, conforme o establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, con sede en Ferrol, no prazo de dous meses a partir do día seguinte desta notificación.

No caso de presentar recurso de reposición, non poderá interpoñer o contencioso-administrativo, ata que se resolva expresamente o de reposición ou se produza a desestimación presunta polo transcurso do devandito mes sen terlle notificado a dita resolución expresa.

Contra a resolución do recurso de reposición, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso no prazo de dous meses, se a resolución fose expresa, e de seis meses se esta fose presunta.

Tamén poderá utilizar, non obstante, outros recursos se o estimase oportuno.